

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e cinco de abril de dous mil dezaoitto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

19/218 PRORROGA DAS AUTORIZACIÓNS DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE RESTAURANTES E ELABORACIÓN DE COMIDAS PARA A FESTA ARDE LUCUS PARA O ANO 2018.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 9 de abril de 2018 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Acordo num. 18/190 de 25 de marzo de 2015 da Xunta de Goberno Local polo que se aprobaron as Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2015 prorrogable para os anos 2016,2017 e 2018, concretamente:

Parcela 1 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 2 (segundo plano da Pr. Anxo Fernández Gómez):
Parcela 3 (segundo plano da Pr. Anxo Fernández Gómez):
Parcela 4 (segundo plano da Pr. Horta do Seminario):
Parcela 5 (segundo plano da Pr. Horta do Seminario):

POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:
Parcela 6 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 7 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 8 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 9 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 10 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 11 (segundo plano da Pr. da Soidade):
Parcela 12 (segundo plano R. Tenente Coronel Teixeira):
Parcela 13 (segundo plano R. Tenente Coronel Teixeira):
Parcela 14 (segundo plano da explanada do Pavillón Municipal):

II.- A ocupación destes espazos foron autorizados ás persoas relacionadas a continuación e prorrogados para os anos 2016 e 2017:

NOME	PARADA
Diana Ferreiro	1
José Carpintero	3

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x180190218

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-4-2018

Claudia E. Pérez Sasías	4
Miguel Villalba	6
Bores Turiel S.L.	7
Ancora Bros Brewery S.C.	8
Patricia Frade Eiras	9
Mateo Carrasco	10
Pedro Fariña	11
Oscar Santiso	14

III.- Informe da Concellería de Cultura, Turismo e Xuventude e Promoción da Lingua de data 7 de febreiro de 2018 que textualmente dí:

INFORME DA CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA -XUVENTUDE -

Dende a Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua – Xuventude- informamos ó Servizo de Contratación que unha vez rematado o prazo concedido para a presentación de solicitudes de renovación das adjudicacións dos postos de restaurantes e elaboración de comidas para o Arde Lucus 2018, procedeuse a comprobar a documentación aportada.

Una vez recibido os informes, entendemos que se debe renovar a concesión os seguintes usuarios/as, sempre e cando presenten a documentación requerida:

NOME	PARA DA	CANO N	TAXA S	Documentación pendente
Ancora Bros Brewery S.C.	8	670€	27,76€	Alta I.A.E., certificado de non ter débedas coa Seguridade social (actualizado), certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (actualizado), póliza e recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).
Patricia Frade Eiras	9	890€	31,68€	Alta I.A.E., certificado de non ter débedas coa Seguridade social (actualizado), certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (actualizado), póliza e recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).
Mateo Carrasco	10	700€	31,68€	Recibo seguro de responsabilidade

2

				<i>civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).</i>
<i>Pedro Fariña</i>	<i>11</i>	<i>1760€</i>	<i>63,36€</i>	<i>Alta I.A.E., certificado de non ter débedas coa Seguridade social (actualizado), certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (actualizado), póliza e recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).</i>

A prórroga queda condicionada a que os interesados deberán presentar antes do 5 de xuño de 2018 a documentación pendente.

O posto 6 (Miguel Villalba) queda sen adxudicar debido a que non foi presentada solicitude de prórroga.

Os postos de restauración do ARDE LUCUS adxudicados a: número 1 (Diana Ferreiro), número 3 (José Carpintero) e número 4 (Claudia E. Pérez Sasías), non serán prorrogados para este Arde Lucus 2018.

Segundo o apartado SÉTIMO das bases reguladoras do procedemento de licitación para a autorización da instalación de postos de restaurantes e elaboración de comida no ARDE LUCUS 2015 que establece:

*1.- A licenza terá **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2015, e terá carácter prorrogable ano a ano ata un máximo de 3 anos (ano 2018)**, para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga no **mes de xaneiro** de cada ano quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización ningunha.*

Os motivos polos que non se prorrogan, son que os espazos ocupados por estes postos, serán necesarios para a reorganización dos campamentos das asociacións e para a realización de diferentes actividades durante a festa.

Non obstante o informado por Xuventude detéctase que don Pedro Borja Fariña Monjero presentou a súa solicitude o 1 de febreiro de 2018 fóra do prazo establecido, cando a presentación da solicitude debía efectuarse obrigatoriamente no mes de xaneiro; motivo polo que debería desestimarse a súa solicitude.

V.- Informe da Tesourería Municipal do día 14 de marzo de 2018, expresivo da non existencia de débedas tributarias municipais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

3



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x180190218

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-4-2018

Primeira. O apartado SÉTIMO das Bases reguladoras do procedemento de licitación para a autorización da instalación de postos de restaurantes e elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2015 establece:

*1.- A licenza terá **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2015, e terá carácter prorrogable ano a ano ata un máximo de 3 anos (ano 2018)**, para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga no mes de xaneiro de cada ano quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización algunha.*

Para os efectos de conceder a prórroga os interesados deberán presentar xunto coa solicitude de prórroga a mesma documentación do sobre A que se indica na Base Sexta.

*Para cada ano o adxudicatario **aboaará a taxa por aproveitamento da vía pública que se aprobe anualmente así como o canon ofertado.** Na resolución da solicitude de prórroga indícarase os importes a pagar, de non aboar a taxa e canon nos prazos indicados enténdese que renuncian á prórroga solicitada."*

Os adxudicatarios dos postos que se relacionan no informe da Concellería de Cultura presentaron en tempo a solicitude de prórroga para a instalación de postos para o ARDE LUCUS 2018 se ben a algun deles lles falta unha serie de documentación que se sinala no dito informe.

Tendo en conta a Base Sexta que dí: "A adxudicación do posto quedará condicionada se é o caso á presentación da copia da alta no IAE , da póliza e recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil esixida así como á acreditación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social " e seguindo o mesmo criterio que na adxudicación dos postos, procede conceder a prórroga solicitada se ben condicionada á presentación **antes do día 5 de xuño de 2018** (tendo en conta a data límite de dez días naturais anteriores ó inicio da Festa fixada para este ano para os días 15 a17 de xuño) da documentación indicada no informe de Xuventude para cada un dos solicitantes.

Segunda.- Por outra banda, hai varias solicitudes de prórroga, as presentadas por dona Diana Ferreiro, don José Carpintero e dona Claudia E. Pérez Sasías que son informadas desfavorablemente pola técnico de Xuventude en base á necesidade destes espazos de dominio público para a reorganización dos campamentos das asociacións e para diversas actividades municipais durante a Festa, quedando xustificado o interese público en non prorrogar a ocupación privada destes espazos.

Terceira. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985,

Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar a autorización para a instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas durante o **ARDE LUCUS 2018 (que se celebrarán nas datas 15, 16 e 17 de xuño)** ás persoas que a continuación se indican, por terse solicitado en prazo - segundo informe da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua- **condicionándose esta prórroga** ao cumprimento das condicións esixidas nas Bases para ser adxudicatario e para o cal presentarán a documentación pendente que se sinala para cada un deles antes do día 5 de xuño, estando suxeito os interesados ao cumprimento de tódalas condicións e obrigas establecidas nas Bases aprobadas o ano 2015:

NOME	PARA DA	CANO N	TAXA S	Documentación pendente
Ancora Bros Brewery S.C.	8	670€	27,76€	Alta I.A.E., certificado de non ter débedas coa Seguridade social (actualizado), certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (actualizado), póliza e recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).
Patricia	9	890€	31,68€	Alta I.A.E., certificado de non ter

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x180190218

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-4-2018

Frade Eiras				débedas coa Seguridade social (actualizado), certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (actualizado), póliza e recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).
Mateo Carrasco	10	700€	31,68€	Recibo seguro de responsabilidade civil (500.000 €) (actualizado en data da festa).

SEGUNDO.- Requirir ás persoas arriba relacionadas para que procedan ao ingreso das cantidades correspondentes ás **taxas e canon** do seguinte modo:

- O **importe da taxa** por cada adxudicatario deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se axunte na resolución de prórroga.

- O **canon ofertado (prezo)** ingresarse **nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución en virtude do cal se concede a prórroga** nalgunha das seguintes contas bancarias (ABANCA ES59 2080 0101 563110000947; BBVA ES02 01 8262 1956 0200270328; CAIXABANK ES 08 2100 5850 070200014045) con indicación do nome do adxudicatario, DNI e concepto "CANON prórroga restaurante e postos comida Arde Lucus 2018"

De non aboarse os importes indicados (taxa e canon) nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.

TERCEIRO.- Desestimar a solicitude de prórroga presentada por dona Diana Ferreiro para o posto nº 1 de Restaurante, don José Carpintero para o posto nº 3 de Restaurantes e dona Claudia E. Pérez Sasías para o posto nº 4 de Restaurantes polos motivos indicados no informe da técnico de Xuventude que se reproduce anteriormente.

CUARTO.- Desestimar a solicitude de prórroga presentada por don Pedro Borja Fariña Monjero por ter presentado a súa solicitude fóra do prazo establecido nas Bases e que era de obrigado cumprimento.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 18x180190218

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-4-2018

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: l6axpw3pMSyiQ3qZI7lasA==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 7 / 7

DATAS(UTC)

26/04/2018 13:03:18

26/04/2018 13:03:19

